

Estructura básica da palabra:

- **LEXEMAS:** Achegan o significado básico da palabra.
 - **Mensa / mesa, vit-alis / vit-al, trans-ferre / trans-ferir, arm-arium, arm-ario**
- **MORFEMAS:** completan ou precisa o significado dos lexemas.
 - Flexionais: significación gramatical: **ama-ba-m, ros-a-s**
 - Derivativos ou afixos: significado léxico
 - Prefixos: antes do lexema:
 - **prae-dicere / pre-dicir**
 - Sufixos: despois do lexema:
 - **agr-arius / agr-ario, hum-anus / hum-ano, arous-án,**

A formación de palabras.

- Clases de palabras:
 - **Simples:** constan unicamente do seu lexema: **terra, lingua**
 - **Derivadas:** uso de prefixos e sufixos engadidos ao lexema (*ante-ced-ente, locutorio*)
 - **Compostas:** dous ou máis lexemas forman unha palabra (**mortí-fero, agri-cultura, dentí-frico**)

PREFIXOS DE ORIXE LATINA

| PREFIXOS | LATÍN | SIGNIFICADO |
|---|---|--|
| A-, ab, abs- Ab-solu-to Ab-xur-ar Abs-tract-to A-ment-e | A-, ab, abs- + solvo + iuro + traho + mens | Afastamento, privación, separación “ <i>Libre ou solto de</i> ” “ <i>Afastarse dun xuramento</i> ” “ <i>sacado ou extraído de</i> ” “ <i>privado de mento ou razón</i> ” |
| Ad-, a- Ad-her-encia Ac-cid-ente a-sent-ir a-flu-ente a-xunt-ar | Ad-, a- + haereo + cado + sentio + fluo + iungo | Aproximación, dirección, movemento “ <i>Ligazón a algo</i> ” “ <i>que cae ou sobrevén a un</i> ” “ <i>sentimento próximo a outros</i> ” “ <i>que flúe cara a</i> ” “ <i>xuntar cara a un, aproximar</i> ” |
| ante-, anti- ante-ced-ente ante-oll-os anti-cip-o | ante- + cedo + oculus + capio | anterioridade no espazo e tempo “ <i>que vai diante</i> ” “ <i>diante dos ollos</i> ” “ <i>o que se colle antes</i> ” |
| circun-, circu Circun-sta-ncia Circun-naveg-ar Circu-it-o | circum- + sto + navigo + eo | Arredor de, movemento circular “ <i>o que está ó redor</i> ” “ <i>navegar ó redor</i> ” “ <i>traxecto ó redor, en curva</i> ” |
| com-, con-, co- cóm-put-o con-ven-ción co-val-ente co-habit-ar | com- + puto + venio + valeo + habito | participación, cooperación “ <i>cálculo ou estimación global</i> ” “ <i>chegada a un punto en común, reunión</i> ” “ <i>de valor ou forza compartidos</i> ” “ <i>habitar conxuntamente</i> ” |
| contra- contra-dic-ción | contra- + dico | Oposición, enfrontamento “ <i>aseveración oposta a outra</i> ” |

| | | |
|---|---|---|
| de- de-xener-ar de-ment-e de-ca-er de-crec-er | de- + genus + mens + cado + cresco | Movemento de máis a menos, de arriba abaixo “ <i>decaer do seu estado natural, empeorar a especie</i> ” “ <i>privado de mente ou razón</i> ” “ <i>empeorar no seu estado ou posición</i> ” “ <i>facerse máis pequeno ou de menor importancia</i> ” |
| dis-, di- dis-form-e di-lec-to dis-greg-ar dis-fru-te | dis- + forma + lego + grex + fruor | Diverxencia, separación, negación, “ <i>que diverxe do modelo de beleza</i> ” “ <i>elixido separadamente, máis amado</i> ” “ <i>acción de afastarse uns de outros (como as ovellas nun rabaño)</i> ” “ <i>proveito, gozo intenso, separado</i> ” |
| ex -, es-, e- ex-carcer-ar ex-ced-ente e-fec-to ex-alumn-o ex-ánim-e ex-sangü-e | ex - + carcer + cedo + facio + alumnus + anima + sanguis | Separación do interior, fóra de, que foi e xan non é, negación ou privación “ <i>sacar fóra do cárcere</i> ” “ <i>que sae do interior ao exterior, que sobra</i> ” “ <i>consecuencia dun feito</i> ” “ <i>que foi alumno e xa non o é</i> ” “ <i>privado do principio vital ou respiración</i> ” “ <i>sen sangue, pálido</i> ” |
| extra- extra-via-r extra-firm-e | extra- + via + firmus | fóra de, intensidade “ <i>perderse, ou perder algo fóra do camiño</i> ” “ <i>moi firme</i> ” |
| im-, in-, i-, en- im-ple-mento in-cip-i-ente in-migr-ar i-lumin-ado en-terr-ar | in- + pleo + capio + migro + lumen + terra | movemento cara adentro, lugar onde “ <i>que chea o interior</i> ” “ <i>que empeza</i> ” “ <i>marchar ao interior doutro país</i> ” “ <i>dotado de luz, bañado por unha luz</i> ” “ <i>meter na terra</i> ” |
| im-, in-, im-per-turb-able in-corr-ible in-có-gni-to i-leg-al i-leg-ible | in- + perturbo + corrigo + nosco + lex + lego | Negación “ <i>que non se altera</i> ” “ <i>que non se pode corrixir</i> ” “ <i>non coñecido</i> ” “ <i>non legal</i> ” “ <i>que non se pode ler</i> ” |
| infra- infra-hum-ano | infra- + humus | por debaixo de “ <i>por debaixo do humano</i> ” |
| inter-, inte- entre- inter-dent-al inter-clus-i-ón inter-rump-ir inte-lec-ción entre-vist-a | inter- + dens + claudo + rumpo + lego + video | posición intermedia, relativo a varios “ <i>no medio dos dentes</i> ” “ <i>peche de algo entre outras cousas</i> ” “ <i>romper ou cortar unha acción a intervalos</i> ” “ <i>acto de entendimento, de discernir algo entre o demais</i> ” “ <i>reunión ou diálogo de varias persoas</i> ” |
| intra-, intro- intra-cel-ul-lar intr-ín-sec-o intro-duc-ción intro-vert-ido | intra-, intro- + celo + sequor + duco + verto | posición interior, cara a dentro “ <i>do interior dunha célula ou celda</i> ” “ <i>que acompaña ou está asociado ao interior</i> ” “ <i>condución cara ao interior</i> ” “ <i>volto sobre si mesmo, con moita vida interior</i> ” |
| ob-, o- Ob-vio Ob-nub-il-ar o-po-r | ob- + via + nubes + pono | Oposición, obstáculo “ <i>que sae no camiño, que salta á vista</i> ” “ <i>ofuscar, poñerlle a un unha morea de nubes diante</i> ” “ <i>poñer coma obstáculo</i> ” |

| | | |
|---|---|---|
| per- per-spic-uo per-fec-to per-secu-ción | per- + specio + facio + sequor | Intensidade “que perfectamente e ao través das cousas” “feito de todo, rematado” “acción de seguir ininterrumpidamente” |
| post-, pos- post-da-ta post-opera-torio pos-pos-ición | post- + do + opera + pono | posterioridade “despois do dado” (o que se engade a unha carta) “despois do traballo (do médico), da operación” “poñer detrás ou despois” |
| pre- pre-fa-cio pre-mon-ición pre-tens-ión pre-di-lec-to | prae- + for + moneo + tendo + lego | Anterioridade, intensidade, “o que se di antes ou diante” “advertencia previa” “solicitudión intensa, anterior” “elixido ou amado máis/antes que outros” |
| pro-, prod- pro-pos-ición pro-vid-encia pro-fes-ar pro-nunci-ar pro-pic-io pro-nomin-al pród-ig-o | pro-, prod- + pono + video + fateor + nuntio + peto + nomen + ago | adiante, diante de, á vista, en lugar de, movemento cara adiante, “acción de presentar ou poñer algo diante” “Visión do que vén en adiante” “manifestar unha crenza, actitude ou saber” “dar a coñecer algo á vista de todos, publicamente” “dirixido a favor de” “formas usadas en lugar do nome” “que empurra cara adiante, que fai saír, (derrochador)” |
| re-, red- re-gres-ión re-cup-er-ar re-ac-ción re-poñ-er | re- + gradior + capio + ago + pono | repetición, intensificación, movemento cara atrás, acción en contra “volta atrás” “volver tomar” “acto en contra” “volver poñer” |
| retro- retro-act-ivo retro-vis-or | retro- + ago + video | cara atrás “que actúa sobre o pasado” “espello para ver cara atrás” |
| sub-, su-, so- sub-lun-ar sub-ofici-al su-ces-ión su-liñ-ar so-terr-ar | sub- + luna + officium + cedo + linea + terra | posición debaixo de, inferioridade, a continuación “que está debaixo da lúa” “que obxenta un cargo inferior ao dun oficial” “que vén a continuación” “poñer unha liña por debaixo” “poñer debaixo da terra” |
| super-, sobre super-poñ-er super-lat-ivo super-mercad-o sobre-viv-inte | super- + pono + fero + mercor + vivo | lugar superior, exceso, superioridade en méritos, “poñer enriba de” “levado ao nivel máis alto” “mercado con moitos produtos diferentes, superior” “que queda vivo” |
| trans-, tras-, tra- trans-fer-ir tras-hum-ante tra-di-ción | trans- + fero + humus + do | a través de, ó outro lado, cambio “levar dun sitio a outro” “que vai dunha terra a outra” “o que se entrega dunha xeración a outra” |
| ultra- utra-són ultra-nacion-alis-ta | ultra- + sonitus + natio | máis alá de, intensificación “són cunha frecuencia máis alá do oído humano” “extremadamente nacionalista” |

SUFIXOS DE ORIXE LATINA

| Sufixos | Latín | |
|---|---|---|
| -al, -ar Anim-al Vit-al Lun-ar | -alis, -aris Anima + Vita + Luna + | Relación, pertenza “ <i>ser que respira, que ten principio vital</i> ” “ <i>en íntima relación coa vida</i> ” “ <i>pertencente ou relacionado coa lúa</i> ” |
| -ano, -ño, -ino, -eno, -no urb-ano div-iño mar-iño sal-ino mag-no ple-no | -anus, enus, inus, nus urbs + divus + mare + sal + mag (is) + pleo + | pertenza, procedencia, materia, relación “que pertence á cidade” “pertencente ou procedente dos deuses” “relativo ou procedente do mar” “composto de sal” “grande, relacionado co concepto de máis” “cheo” |
| -ario, -orio, -torio agr-ario semin-ario locu-torio calend-ario | arius, -arium, -torium ager + semen + loquor + kalendae + | pertenza, lugar “ <i>pertencente ou relativo ao campo</i> ” “ <i>lugar onde se garda a semente</i> ” “ <i>lugar para falar</i> ” “ <i>lugar onde se escriben os días do ano</i> ” |
| -az fal-az fer-az | -ax fallo + fero + | tendencia ou cualidade intensa “ <i>que engana, que minte moito</i> ” “ <i>que produce en abundancia</i> ” |
| -ble (-able, -ible), -bili- pro-a-ble tanx-i-ble sens-i-bili-dade | -bilis probo + tango + sentio + | posibilidade pasiva “ <i>que pode ser probado</i> ” “ <i>que pode ser tocado</i> ” “ <i>capacidade de poder sentir</i> ” |
| -blo, -bro- voca-blo cand-ela-bro | -bulum, -brum voco + candeo + | medio, instrumento “ <i>medio de expresión, palabra</i> ” “ <i>soporte para as candelas</i> ” |
| -ción, -ión dic-ción re-gres-ión | -tio(n), -io(n) dico + re + gradior | acción e efecto “ <i>acción e efecto de dicir</i> ” “ <i>acción e efecto de volver atrás</i> ” |
| -ense for-ense cir-ense | -ensis forum + circus + | “pertenza ou procedencia” “ <i>pertencente ao Foro (médico dun xulgado)</i> ” “ <i>pertencente o procedente do circo</i> ” |
| -ia, -icia, -ie, -icie fal-ac-ia im-pud-icia per-nic-ie mol-icie | -ia, -itia, -ies, -ities fallo + in + pudeo + per + nex + mollis + | abstractos de cualidade “ <i>cualidade do mentireiro</i> ” “ <i>falta de pudor ou vergonza</i> ” “ <i>dano ou prexuízo intenso</i> ” “ <i>brandura, afección á vida fácil</i> ” |
| -iño, -iña pombiña | inus- ina palumba + | diminución “ <i>pomba pequena</i> ” |
| -men, -mento gravamen in-cre-mento ali-mento | -men, -mentum gravis + in + cresco + alo + | instrumento / resultado “ <i>resultado ou medio de impor unha carga</i> ” “ <i>resultado da acción de crecer</i> ” “ <i>instrumento ou medio de nutrición</i> ” |

| | | |
|---|---|---|
| -ndo, -endo ne-fa-ndo minu-endo divid-endo trem-endo | -ndus, -endus ne + for + minus + divido + tremo + | posibilidade, destino futuro, con valor pasivo “que non se pode dicir” “que vai diminuir” “que vai ser repartido” “que pode causar tremores” |
| -or, -tor, -sor, -dor, -ador inter-rup-tor cap-tor cur-sor anima-dor ecua-dor | -or, -tor, -sor inter + rumpo + capio + curro + anima + aequo + | axente “o que rompe, a intervalos, un circuito” “o que captura” “o que corre ou se despraza” “o que insufla principio vital, vida, ánimo” “o que divide (á Terra en dúas partes)” |
| -oso cuanti-oso vaiod-oso pomp-oso | -osus quantus + vanitas + pompa + | provisión ou abundancia “en moita cantidade” “cheo de vaidade” “con moito adorno, vaidade ou solemnidade” |
| -to, -so, -ato, -ito, -ado, -ido se-lec-to ten-so con-cord-ato fin-ito er-radic-ado de-fin-ido | -tus, -sus se + lego + tendo + con + cor + finis + ex + radix + de + finis + | resultado dunha acción “que foi elixido” “que foi tensado” “que foi acordado, acordo, tratado” “que foi rematado” “que foi extraído de raíz” “que foi separado dos demais con límites” |
| -triz bi-sec-triz ac-triz empera-triz | -trix bi + seco + ago + impero + | axente feminino “que corta en dúas partes” “que actúa” “que manda” |
| -tud, -tudin-, (>dume) senec-tud consu-e-tudin-ario serv-i-dume | -tudo /-tudinis senex + consuesco + servus + | “abstractos de cualidade ou os seus derivados” “cualidade de ser vello, vellez” “que se fai por costume, por tradición” “cualidade ou estado do servo” |
| -ulo, -ula, -culo, -cula, -elo, -celo fórm-ula corpús-culo sout-elo | -ulus, -culus, -ellus, -cellus forma + corpus + saltus + | diminución “pequena norma ou molde para facer algo” “corpo ou partícula moi pequena” “pequena zona de bosque” |
| -ura, -tura, -sura prem-ura cult-ura clau-sura | -ura, -tura, -sura premo + colo + claudo + | actividade ou resultado “resultado de apretar, de meter présa” “actividade ou resultado de cultivar o saber” “resultado, acto de pechar” |

COMPOSICIÓN ERUDITA / ORIXE LATINA (1º elemento)

| FORMAS | SIGNIFICADO | EXEMPLOS |
|--|---------------|----------------------|
| agri- (<i>ager, gri</i>) | campo | agricultor |
| ambi- (<i>ambo -ae, -o</i>) | ambos | ambivalente |
| avi- (<i>avis, is</i>) | ave | avicultura |
| bis-, bi- (<i>bis</i>) | dúas veces | bípede |
| equi- (<i>aequus-a-um</i>) | igual | equilátero |
| ferri-, ferro- (<i>ferrum, i</i>) | ferro | ferrocarril |
| igni- (<i>ignis, is</i>) | lume | ignífugo |
| multi- (<i>multus-a-um</i>) | moito | multiforme |
| olei-, oleo- (<i>oleum, i</i>) | aceite | oleoducto |
| omni- (<i>omnis-e</i>) | todo | omnívoro |
| pisci- (<i>piscis, is</i>) | peixe | piscifactoría |
| pluri- (<i>plures, a</i>) | moito, varios | pluriemprego |
| semi- (<i>semis</i>) | metade | semicírculo |
| tri- (<i>tres, tria</i>) | tres | trimestre |
| uni- (<i>unus-a-um</i>) | un, unha | uniforme |

COMPOSICIÓN ERUDITA ORIXE LATINA (2º elemento)

| FORMAS | SIGNIFICADO | EXEMPLOS |
|------------------------------------|-------------------------|--------------------|
| -cida (<i>caedo</i>) | que mata | homicida |
| -cola (<i>colo</i>) | que cultiva, que habita | terricola |
| -cultura (<i>colo</i>) | acto de cultivar | agricultura |
| -ducto (<i>duco</i>) | que leva, que conduce | acueducto |
| -fero (<i>fero</i>) | que produce, que contén | fructífero |
| -forme (<i>forma, ae</i>) | que ten forma de | multiforme |
| -fugo (<i>fugo</i>) | que foxe ou fai fuxir | ignífugo |
| -paro (<i>paro</i>) | que xera | ovíparo |
| -sono (<i>sono</i>) | que soa | unísono |
| -voro (<i>voro</i>) | que come | carnívoro |
| -xero (<i>gero</i>) | que contén, produce | flamíxero |